

**SISTEMA DE EQUIPAMENTOS
COMUNITARIOS E ZONAS VERDES**

(TEXTO REFUNDIDO)

ANEXO EQUIPAMENTO COMUNITARIO

O problema fundamental, relativo a dotacións e equipamentos, non se basea unicamente na escaseza destes en determinadas áreas do municipio, senón que se agrava nalgúns casos ante a mala calidade e estado de conservación de determinadas instalacións. Polo tanto esta escaseza non só se cifra sobre o volume total de equipamentos demandados, senón tamén sobre as condicións de calidade en que se atopan os hoxe en día existentes. A esta problemática engádese a súa desigual distribución sobre o territorio.

É evidente, en consecuencia que os esforzos relacionados coas áreas dotacionais, dirixiranse cara a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Resolve-las carencias de equipamentos existentes no termo
2. Articular de forma axeitada a distribución dos equipamentos sobre o territorio municipal.
3. Mellora-la calidade e conservación dos equipamentos existentes, propoñendo futuras actuacións que non teñan como último obxectivo a cantidade executada, senon a calidade destas.

O sistema xeral e local de equipamentos no municipio de Vilagarcía compóñeno todas aquelas instalacións, públicas ou privadas segundo sexa o caso, que satisfacen as necesidades sociais, sanitarias, educacionais, deportivas, de espaxamento, relixioso, funerario e comercial, da totalidade dos habitantes do municipio.

Catalóganse como equipamentos xerais, aqueles que proporcionan servizos de carácter xeral para a totalidade da poboación do municipio. Compoñen, en cambio, o sistema de equipamentos locais, aqueles, no que o seu ámbito de influencia e servizo se reduce a unha parroquia ou núcleo determinado.

Para acomete-la nova estruturación dos sistemas xerais e locais de equipamentos, en primeira instancia efectúase unha análise da problemática actual no municipio tendo en conta as seguintes consideracións.

a) ÁREA NÚCLEO URBANO DE VILAGARCÍA.

Na área do núcleo urbano de Vilagarcía é, como era de esperar, o índice dotacional mais elevado do municipio e abrangue a maior parte dos equipamentos xerais do municipio. O estado de conservación destes equipamentos non é, en moitos dos casos, todo o bo que cabería esperar. As previsións de solo destinado a equipamentos están vinculadas, case na súa totalidade, ó desenvolvemento do solo urbanizable, circunstancia que provocou o estancamento da evolución destes sistemas na área de Vilagarcía.

Aínda así, existen algunhas carencias no tecido dotacional desta área, que fará necesario determinar e localiza-lo seu asentamento; ben sexa con carácter único; ben sexa mediante proposición de varias localizacións, con certa flexibilidade na que fai referencia ó uso dotacional específico, deixando que sexan as propias circunstancias urbanísticas de cada momento as que determinen en función das oportunidades existentes, situación e o uso dotacional definitivo.

b) ÁREA NÚCLEOS URBANOS CARRIL E VILAXOÁN.

Son áreas con algunhas carencias dotacionais, e que polas propias características do seu tecido urbano, non permiten actuacións encamiñadas a conseguir novas áreas equipamentais. É por isto, polo que se han de buscar reservas de solo destinado a equipamentos en áreas de expansión continuas a estes núcleos urbanos, que á súa vez doten e equipen ás áreas suburbanas que fusionan as tres principais vilas do municipio. O estado de conservación dalgúns equipamentos non é o máis axeitado, o que obriga a unha actuación no sentido do reacondicionamento e rehabilitación do patrimonio dotacional.

c) NÚCLEOS RURAIS

Non se presenta, dende o Plan Xeral, áreas de influencia dos equipamentos ríxida e inamovibles arredor do ámbito parroquial, xa que, a pesar de ser Vilagarcía un concello con elevada dispersión rural posúe unha grande vinculación social cos núcleos urbanizados e en consecuencia dilúese sensiblemente a importancia dos límites parroquiais. Polo tanto preténdese unha interrelación entre os equipamentos das diferentes parroquias ó efecto de asegura-la dotación de todo o territorio, así como fomenta-las relacións interparroquiais.

Propónse por tanto un solape das áreas de influencia parroquiais, de maneira que estas trascendan do ámbito parroquial tomando o seu carácter intermedio LOCAL-INTERPARROQUIAL; con iso conséguese o equipamento total e a perfecta articulación do territorio, os núcleos de poboación e a estrutura dotacional.

O obxectivo nestas zonas é establecer áreas de reunión e relacións sociais en cada un dos núcleos de suficiente densidade e, en todo caso, en cada parroquia.

Esta análise dos equipamentos centráronse nos seguintes criterios:

1. Obte-lo maior grao de equipamento posible.
2. Articula-la estrutura dotacional de forma axeitada en función da localización e a densidade de poboación de cada un dos núcleos e parroquias do termo municipal, é dicir, conseguir unha distribución espacial dos equipamentos en función do volume poboacional.

Con todo isto aseguramo-la dotación á totalidade do municipio de forma xerarquizada en función das necesidades de cada entidade de poboación.

ESTRUCTURA DO SISTEMA DOTACIONAL GLOBAL

Diversifícase nunha serie de áreas e actividades comunitarias moi diversas. Adquire un carácter exclusivo dentro do termo municipal e nalgúns casos dentro do ámbito comarcal. É por isto polo que a súa situación dentro do territorio require un estudio coidadoso, tendo en conta as diferentes estruturas e infraestructuras do municipio e o seu asentamento sobre o territorio. Trátase pois, das últimas pezas do quebracabezas, que so encaixan de forma correcta nun lugar determinado en función do contorno municipal que as rodea.

Este sistema configúrase mediante o seguinte organigrama de tipos de equipamentos:

SISTEMA XERAL:

- Sistema Xeral de Comunicacións:
 - a) Sistema Viario.
 - b) Sistema Ferroviario. (SF)
- Sistema Xeral Portuario. (SXP)
- Sistema Xeral de Servicios Públicos Urbanos e Infraestructuras.
 - a) Servicios Públicos (SP)
 - b) Infraestructuras (IO)
- Sistema Xeral de Espacios Libres.
- Sistema Xeral de Equipamentos Públicos.

SISTEMAS LOCAIS:

- Sistema Local de Espacios Libres.

- Sistema Local de Equipamentos Públicos.

Os Sistemas de Espacios Libres, tanto xerais como locais, divídense á súa vez nos seguintes tipos que se corresponden coa modalidade de actuación prevista:

Área Libre ou Praza (VA)
Xardín (VX)
Paseo Fluvial (VF)
Parque Urbano (VP)
Parque Forestal (VPF)

Os Sistemas de Equipamentos, tanto xerais como locais, divídense á súa vez nos seguintes tipos que se corresponden coa modalidade de actuación prevista:

Equipamento Relixioso (ER)
Cemiterio (EC)
Equipamento Comercial (ECO)
Equipamento Deportivo (ED)
Equipamento Socio-Cultural (ES)
Equipamento Sanitario (ESA)
Equipamento Escolar (EE)
Equipamento de Transportes (ET)
Aparcamiento (EA)
Outros Equipamentos (EO)

DEFINICIÓNS:

- SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS

- SISTEMA VIARIO.

Comprende o conxunto dos viais de dominio e uso público destinados a proporcionar-las niveis axeitados de mobilidade e accesibilidade, facilitando as relacións tanto co interior coma co exterior do municipio.

A efectos de aplicación das condicións que fan referencia á xerarquía do viario, consideráronse os rangos seguintes

1. Distribuidores principais, formados pola rede viaria interurbana.
2. Distribuidores de núcleos.
3. Camiños rurais.

- SISTEMA FERROVIARIO

Definición

Está constituído polos terreos e infraestructuras que serven de soporte á liña de ferrocarril que atravesa o termo municipal. Forman parte do sistema ferroviario:

- a) A Zona de Equipamento Ferroviario, constituída polos terreos comprendidos dentro do recinto da poboación, e que serven de soporte á estación de viaxeiros, cos seus edificios de servizos e as instalacións directa e indirectamente relacionadas co ferrocarril.
- b) A Zona Ferroviaria, constituída polos terreos que serven de soporte á estación de mercadorías, talleres, peirao, almacéns, edificios de servizo, ou calquera outra instalación directa ou indirectamente relacionada co ferrocarril
- c) Os Viais Ferroviarios, constituídos polos terreos ocupados pola vía e instalacións complementarias -agullas, andéns de circulación, etc.- e a zona de protección do ferrocarril.

- SISTEMA XERAL PORTUARIO.

Condicións.

O ámbito desta ordenanza será o grafiado como tal nos planos de ordenación a escalas 1:1.000 e 1:5.000.

O desenvolvemento do sistema xeral portuario realizarase a través do correspondente Plan Especial actualmente en vigor ou que se aprobe no futuro..

Estes Plans Especiais formularanse pola Autoridade Portuaria.

- SISTEMA XERAL DE SERVICIOS URBANOS E INFRAESTRUCTURAS.

Comprende as redes de electricidade, abastecemento de augas e saneamento, así coma as instalacións e edificacións vinculadas ó servizo de que se trate, e a este fin o Plan establece as precisas reservas de solo ou as de protección.

- SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES

Definición

Son espacios destinados a parques públicos e zonas verdes para o espaxemento da poboación de todo o municipio.

Uso

Poderá ser público ou privado segundo se especifique nos planos de ordenación ou nas fichas dos polígonos.

Titularidade

Poderá ser pública ou privada segundo se especifique nos planos de ordenación ou nas fichas dos polígonos.

As zonas verdes sinaladas nos planos como "privadas" serán de uso e titularidade privada.

Clasificación

Distínguense as seguintes clases:

ÁREAS LIBRES. (VA).

Comprende espacios destinados a unha urbanización de superficie ben conservada, con pequenas áreas axardinadas que en ningún caso deberán supera-lo 15% da superficie total.

XARDÍNS. (VX).

Comprende os espacios destinados á plantación de vexetación de porte baixo, e amoblamento urbano.

PASEO FLUVIAL. (VF).

Comprende as zonas lineais das marxes dos leitos dos ríos Con, Santa Mariña e Lomba, onde se organizan espacios aptos para o paseo, o descanso e as actividades lúdicas ó aire libre.

PARQUES PÚBLICOS. (VP).

Comprende os espacios de grande tamaño destinados a plantacións de árbores e xardinería de carácter público.

PARQUES FORESTAIS. (VPF).

Comprende as ladeiras dos montes Xiabre e Lobeira destinadas ó disfrute da natureza.

- SISTEMA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

Definición

Comprende os terreos, edificios e instalacións destinados a usos públicos colectivos que, pola súa dimensión ou función específica, transcenden a todo o municipio.

Clasificación

Comprende os seguintes equipamentos:

EQUIPAMENTO RELIXIOSO. (ER)

Compóñeno os templos e lugares de culto así como os elementos directamente vinculados como adros, casas rectorais e centros parroquiais. A miúdo estes equipamentos atópanse integrados cos cemiterios nun conxunto arquitectónico unitario.

EQUIPAMENTO CEMITERIO. (EC)

Cemiterio municipal, cemiterios parroquiais e solo destinado a ampliacións.

EQUIPAMENTO COMERCIAL (ECO)

Áreas e locais destinadas exclusivamente ás relacións comerciais dos cidadáns.

EQUIPAMENTO DEPORTIVO. (ED)

Instalacións deportivas e as súas áreas de ampliación. Serán de carácter xeral o campo de fútbol municipal da Lomba e o complexo deportivo de Fontecarmoa.

EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL. (ES)

Equipamento relacionado coas actividades culturais e sociais: Biblioteca municipal, Teatros, Auditorios, centros de reunión e relación, etc.

EQUIPAMENTO SANITARIO. (ESA)

Comprende as unidades sanitarias co obxectivo de que configuren un marco axeitado para cubri-las necesidades municipais e comarcais.

EQUIPAMENTO ESCOLAR. (EE)

Compóñeno tódolos centros de ensinanza existentes e propostos nas etapas de preescolar, EXB, FP, ESO, BUP e COU.

EQUIPAMENTO DE TRANSPORTE. (ET)

Edifícios ou espazos destinados exclusivamente ó servizo de transporte de viaxeiros ou mercadorías como as estacións de ferrocarril e autobuses que debido á súa proximidade poderían constituír, no futuro un complexo de intercambio modal con repercusións supramunicipais.

APARCADOIRO. (EA)

Áreas destinadas ó estacionamento de vehículos.

OUTROS EQUIPAMENTOS. (EO)

Encádranse nesta clase as áreas dedicados a equipamentos non definidos con anterioridade (asistenciais, administrativos, seguridade cidadá, etc,) ou aqueles para os que non se preveu unha finalidade concreta.

A continuación relacionanse os equipamentos e servizos que, para facilita-la súa consulta, se agrupan da seguinte maneira:

1. Lista de rexistros do Sistema Xeral de Servizos Públicos e Infraestruturas.
2. Lista de rexistros do Sistema Xeral de Equipamentos agrupados segundo clases.
3. Lista de rexistros do Sistema Xeral de Áreas Libres e Zonas Verdes agrupados segundo clases.
4. Lista de rexistros de Sistemas Locais de Equipamentos por parroquias e agrupados segundo clases.
5. Lista de rexistros de Sistemas Locais de Áreas Libres e Zonas Verdes por parroquias e agrupados segundo clases.
6. Fichas individualizadas de cada rexistro do Sistema Xeral por orde numérica.
7. Fichas individualizadas de cada rexistro de Sistemas Locais por orde numérica.